

Memoria 2025

EAPN GALICIA

Rede Europea Contra a Pobreza



www.pobreza.gal

Índice

PRESENTACIÓN.....	3
ACTUACIÓNS REALIZADAS.....	6
EMERXENCIA VIVENDA	6
INCIDENCIA POLÍTICA NAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS.....	12
INCIDENCIA EN POLÍTICAS SOCIAIS E NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN	13
INCIDENCIA NOS FONDOS ESTRUTURAIS FEDER, FSE E FEADER. NEXT GENERATION ..	15
INCIDENCIA EN POBREZA ENERXÉTICA. PROPOSTAS PARA A ESTRATEXIA ESTATAL GALEGA.....	17
SEMINARIOS	19
GRUPOS DE TRABALLO.....	25
CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN	35
ESTRATEXIA COLABORACIÓN UNIVERSIDADES E TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL.....	40
PARTICIPACIÓN EN EVENTOS CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA	44
DATOS E INFORMACIÓN PARA A LOITA POLA ERRADICACIÓN DA POBREZA.....	47
APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: CONSELLO ECONOMÍA SOCIAL	50
PREMIO BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.....	51
SEMINARIO ESTATAL: GARANTÍA DE DERECHOS Y NUEVOS MODELOS DE SERVICIOS SOCIALES: ¿QUE PAPEL JUEGA EL TERCER SECTOR?	52
BOLETÍNS PARA UNHA MELLOR DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN	54
PLAN TRANSFORMACIÓN DIXITAL EAPN GALICIA. KIT DIXITAL	55
BOAS PRÁCTICAS AUTOCOIDADO E PREVENCIÓN RISCOS PSICOSOCIAIS NO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL	56
MÁIS INFO.....	58

PRESENTACIÓN

A **Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da Comunidade Autónoma de Galicia (EAPN Galicia)** é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. **Non existía daquela nin existe actualmente, ningunha outra ONG ou plataforma que realice este tipo de actuacións.**

Na actualidade, EAPN Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769, está constituída por 131 ONG de primeiro nivel **a través dos seus actuais 36 socios directos**, coa incorporación este ano de Movemento pola Paz, Axuda en Acción e Poten100mos.

Accem Galicia | Acción Contra el Hambre | Arela | Asamblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) | Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES) | Asociación de Migrantes de Galicia (AMIGA) | Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) | Boa Vida Inclusión Activa | Cáritas Lugo | Cáritas Mondoñedo-Ferrol | Cáritas Ourense | Cáritas Tui-Vigo | Centro Desenvolvemento Rural O Viso | Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas | Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) | Ecos do Sur | Emaús Fundación Social | Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) | Federación Autismo Galicia | Federación Down Galicia | Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) | Fundación Amaranta | Fundación ECCA Social | Fundación Érguete Integración | Fundación Esplai | Fundación Juan Soñador | Fundación Meniños | Fundación Ronsel | Fundación Secretariado Xitano | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igxax) | Médicos do Mundo | Mestura | Provivenda | Saúde Mental FEAFES Galicia | AEIGA | Hogar Sí | Movemento pola Paz | Axuda en Acción | Poten100mos.

Todas elas son entidades representativas de colectivos vulnerabilizados que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

EAPN-Galicia forma parte tamén da **European Anti Poverty Network (EAPN Europa)** rede no nivel europeo que leva traballando de modo independente dende 1990, e está integrada en **EAPN España** xunto ás redes autonómicas de todo o estado e cidades autónomas.

EAPN Galicia é a **única plataforma existente na comunidade que agrupa a entidades sociais** que traballan con practicamente todos aqueles colectivos vulnerables establecidos no Artigo 3.1 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia. En ningún caso presta servizos directos a persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión, tampouco ten a posibilidade de presentarse a convocatorias de inclusión social as que xa se presenten as súas entidades membro.

Os obxectivos e actuacións de EAPN Galicia son aquelas que aseguran a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o aumento da eficacia e eficiencia das actuacións das súas entidades membro, en especial:



É notable o crecemento experimentado por EAPN Galicia derivado da demanda das súas organizacións membro e do seu papel como interlocutor diante de todo tipo de administracións públicas galegas en todos os eidos relacionados coa inclusión social. Así, xa no 2013 as entidades membro de EAPN Galicia contaban con 1.188 persoas traballadoras e 4.304 persoas voluntarias, beneficiando de xeito directo ou indirecto a máis de 450.000 persoas.

Durante o 2025, EAPN mantivo unha comunicación estable coas **Consellerías de Política Social e Igualdade, Vivenda e Planificación de Infraestructuras e Emprego, Comercio e Emigración**. Tamén coa **Secretaría Xeral de Igualdade** e coas **Consellerías de Facenda e Administración Pública; Medio Rural e Medio Ambiente e Cambio Climático**. EAPN é membro do **Comité de Seguimento do Fondo Social Europeo Galicia 2021 -2027** e do **FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020** e dende 2022 do **FEDER 2021-2027**.

EAPN Galicia tamén é membro do **Consello Galego de Benestar, Consello Galego de Acción Voluntaria** e dende 2019 membro de pleno dereito do **Consello de Economía Social**, en representación das entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

EMERXENCIA VIVENDA

INFORME VIVENDA EN GALICIA 2025: ANÁLISE DA IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DE VIVENDA

Neste 2025 dende EAPN Galicia continuouse coa incidencia no acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, fomentando espazos de reflexión e diálogo entre profesionais das Administracións Públicas, entidades do Terceiro Sector e outros axentes sociais que traballan para favorecer a inclusión das persoas vulnerabilizadas.

Actualizouse o informe de vivenda para o 2025, o que deu lugar ao **IX Informe "Asegurando o Dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia."**

IX INFORME
SITUACIÓN
2025

**ASEGURANDO O DEREITO
A UNHA VIVENDA DIGNA,
AXEITADA E ACCESIBLE**

**#EMERXENCIA VIVENDA.
12 MESES, 12 DEMANDAS**



EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza
Pobreza.gal



Este **informe recolle problemáticas estruturais de acceso á vivenda e da situación do parque de vivenda**: senfogarismo, chabolismo e infravivenda, as execucións hipotecarias e os desafuzamentos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos, o escaso parque de vivenda destinado ao alugueiro social, o elevado parque de vivenda baleira, a escasa capacidade de emancipación da xente nova, as condicións de salubridade e falta de accesibilidade das vivendas a prezos asumibles, as dificultades para asumir os gastos relacionados coa vivenda ou a dificultade de manterse na vivenda das persoas e familias en situación de vulnerabilidade.

Actualmente, tras presentar o VIII informe o ano pasado no **Seminario "Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia"** este 2025 continuamos a realizar un seguimento de nova información e datos dispoñibles en materia de vivenda principalmente no territorio galego. Analizamos a información dispoñible con respecto aos factores de exclusión residencial que se recollen no informe, examinamos **os avances realizados neste eido tanto a nivel estatal, como autonómico, concellos e, mesmo deputacións** e seguimos concretando os retos pendentes en Galicia para avanzar no acceso á vivenda.

EXPOSICIÓN E PONENCIAS #EMERXENCIAVIVENDA

No 2025 continuouse coa campaña lanzada no 2021, **#EmerxenciaVivenda: Polo dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible** co obxectivo de chamar a atención sobre a emerxencia residencial en Galicia e no conxunto de España.

Como resultado, seleccionouse o contido da exposición itinerante **#EmerxenciaVivenda** na que, a través de diferentes paneis, se pon de releve as principais problemáticas e causas da exclusión residencial en Galicia.



Este 2025, a comezos de abril, a exposición estivo na **localidade de Verín (Ourense)** onde se celebraron as xornadas sobre vivenda **"Do dereito ao teito, hai moito treito"** organizadas por COCEDER, e nas que participamos dende EAPN Galicia, falando sobre a precariedade da vivenda na mesa sobre a situación actual da vivenda no medio rural.


Ademais, as fotografías expuxéronse na **Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da** e na **Facultade de Ciencias da Educación da USC**. Sendas exposicións deron lugar

a unhas charlas nas que se expuña a grave situación da vivenda. O 24 de abril na Facultade de Ciencias Políticas, nunha mesa redonda "O acceso á vivenda en Galicia: desafíos e solucións". Onde puidemos achegar ao alumnado e profesorado a **situación e emerxencia no acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible** e as políticas públicas que se están a levar a cabo dende as diferentes administracións públicas. A outra tivo lugar o 6 outubro de 2025, coincidindo co **Día Internacional da Educación Social**.



*PARTICIPACIÓN DAS SECCIÓN SOCIAL E DE FINANCIAMENTO E
INTERMEDIACIÓN NO IGVS*

EAPN Galicia participou activamente en dúas seccións do **Observatorio da Vivenda de Galicia** que se constituíron este ano. Dúas xuntanzas onde se trataron os seguintes temas:

- Necesidade de **reformar o Bono Alugueiro Social**.
 - Convocatoria do Programa **Bono Alugueiro para entidades** de iniciativa social prestadoras de servizos, para realizar un acompañamento a determinados perfís de persoas perceptoras do Bono Alugueiro Social.
- 
- **Participación na sección de financiamento e intermediación do Observatorio da Vivenda de Galicia.** A finalidade da xuntanza foi a **reforma do Programa de Mobilización de Vivendas para Alugueiro e o Rehaluga**. Estes programas eliminaríanse creando un programa novo, cunha liña de rehabilitación que aumentara as cantidades con respecto ao anterior. Incidiuse na necesidade de lanzar campañas de comunicación para que chegar á cidadanía.



Elaboramos un **documento de propostas de mellora do Programa de Mobilización de vivendas para Alugueiro**, así como outras medidas complementarias que axuden a mobilizar a vivenda baleira no territorio galego.

Na segunda xuntanza desta sección, presentouse un borrador do novo programa para mobilizar vivenda baleira **“Programa Fogar Vivo 2025-2028”** no que se explicaron as claves da convocatoria e puidemos realizar aportacións sobre os cambios ou modificacións que considerabamos necesarios. Achegas que tamén puideron facer as entidades membro tras esta xuntanza, que foron enviadas ao IGVS antes da súa publicación.

Finalmente, tras o traballo realizado polos distintos axentes sociais que forman parte da sección, o **10 de xullo publicouse no DOG o Programa Fogar Vivo**.

PROPOSTAS ACCESO A VIVENDA: BONO ALUGUEIRO E BONO ENTIDADES

- **Reforma do Bono Alugueiro Social.** Tras a primeira xuntanza da sección social, abrimos un proceso de consulta ás entidades membro para que nos enviasen propostas, achegas e cambios que realizarían con respecto ao Bono Alugueiro Social.

Trala recollida de todas as propostas, elaboramos un documento de **Emendas e propostas de mellora para RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social** e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito (código de procedemento VI482F), que trasladamos ao IGVS

Algunhas das propostas foron a posibilidade de que as entidades sociais poidan facer valoracións á persoa ou familia para a obtención ou renovación do bono, avanzar cara unha maior simplificación burocrática, servizo de mediación e acompañamento profesional personalizado e valoración social e económica da persoa que percibe o bono, posibilidade de facer tramos para a cobertura da renda de alugueiro, aumento da vivenda de alugueiro social para fogares especialmente vulnerables, entre outras propostas.

- **Bono Alugueiro Entidades.** Este ano, na sección social do Observatorio da Vivenda, presentáronnos ás entidades sociais a proposta Bono Entidades, que nun inicio estaba pensado tan so para financiar o pago da renda do alugueiro ás persoas vulnerables, pero dende as entidades do TSAS sinalouse a necesidade de financiar gastos estruturais e de persoal para pode realizar o acompañamento ás persoas.

Tras esta primeira xuntanza, dende EAPN Galicia abriuse un proceso de consulta ás entidades membro para a recollida de achegas e propostas para a convocatoria do Bono Entidades e realizouse un documento **Emendas e propostas de mellora para RESOLUCIÓN pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro para entidades** de iniciativa social prestadoras de servizos sociais, que foi enviado ao IGVS.

RECOMPILACIÓN BOAS PRÁCTICAS ACCESO Á VIVENDA NOS CONCELLOS GALEGOS

Ante o esperanzador momento político e de comunicación no que semella que, por fin, a emerxencia do acceso a vivenda cobra protagonismo no debate político e social

e nas políticas públicas, decidimos recoller as **boas prácticas ou iniciativas que se estaban a levar a cabo en materia de acceso á vivenda** en Galicia, concretamente dende o ámbito municipal.

É imprescindible avanzar cara a unha visión colaborativa e coordinada entre as distintas administracións implicadas - Xunta de Galicia, Concellos, Deputacións e Goberno central - para garantir o acceso efectivo á vivenda. As administracións públicas a distintos niveis teñen competencias para levar a cabo políticas que faciliten o acceso á vivenda para uso residencial, pero a situación actual reflicte unha dinámica de evasión de responsabilidades, onde cada administración adoita rexeitar a súa capacidade de actuación, dificultando a resposta á emerxencia residencial.

Por iso, **vendo o traballo que están realizando algúns concellos** dende o ámbito municipal e en coordinación con outras administracións, decidimos **recoller estas boas prácticas e darlles visibilidade**, facendo un chamamento aos demais concellos para que se impliquen en políticas de acceso á vivenda.

Deste traballo de recollida nace en 2025 o informe **“Boas prácticas municipais de acceso á vivenda”** que recolle 17 iniciativas de concellos das catro provincias galegas en materia de rehabilitación, mobilización de vivenda baleira, fomento da vivenda en alugueiro social e outras medidas.

Ao longo deste 2025 mantívose o seguimento dos compromisos en materia de vivenda e a busca de políticas de acceso á vivenda a nivel local e, realizouse unha labor de difusión en redes sociais (LinkedIn, Instagram, Facebook, X e Bluesky) co fin de darlles visibilidade e incentivar aos demais concellos a que leven a cabo iniciativas semellantes.

CONSULTA E INFORME SOBRE VIVENDA XESTIONADA DENDE NO TERCEIRO SECTOR GALEGO

Un dos retos pendentes na acción pública para impulsar o acceso á vivenda é **incorporar ao Terceiro Sector e a súa filosofía de non lucro como axente social imprescindible**, tanto nos procesos de inclusión socio residencial en xeral, como na provisión e xestión de vivenda accesible como parte dos mesmos.

As entidades do Terceiro Sector son coñecedoras de primeira man das dificultades no acceso á vivenda das persoas en pobreza ou exclusión social e, moitas delas, levan anos realizando actuacións neste eido, pero sorprendentemente e a pesares de seren esenciais para asegurar o acceso á vivenda da poboación vulnerable, **non se dispón de información detallada do seu impacto**, o que dificulta a posta en marcha de medidas públicas e orzamentos de apoio.



Por iso quixemos **elaborar un estudo sobre a provisión e xestión de vivenda polo Terceiro Sector en Galicia**. A finalidade é coñecer e por en valor o papel que desempeñan as entidades do Terceiro Sector na provisión e xestión de vivenda, así como recoñecer a súa contribución no acceso e mantemento da vivenda ou desenvolvendo procesos de

inclusión socio residencial con persoas en situación de vulnerabilidade.

Para a posta en marcha deste estudo, **elaboramos un cuestionario mediante un formulario de Microsoft Forms** para que cumprimentasen as entidades sociais, tanto aquelas que pertencen a EAPN Galicia como as que non. Para a validación deste cuestionario, pedimos opinión ao grupo de vivenda de EAPN Galicia, a Dirección Xeral de Inclusión Social e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Unha vez validado o formulario e tras realizar unha **guía con instrucións** para facilitarlle o traballo ás entidades, **abriuse en xuño a consulta a entidades do Terceiro Sector de Acción Social** que contou co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade e do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Para a **difusión do estudo** utilizamos diferentes vías: correo electrónico e listas de difusión de Whastapp ás entidades membro, correos electrónicos á entidades non membro pero que xestionan vivenda cos datos rescatados do RUEPSS, á **nosa web**, as **redes sociais**, o boletín EnRedeSocial, o boletín interno de EAPN Galicia e o boletín do **Observatorio da Vivenda de Galicia**.

INCIDENCIA POLÍTICA NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS

LEXISLATURA 2024-2027 SEGUIMIENTO DOCUMENTO COMPARACIÓN PROGRAMAS E COMPROMISOS

No 2024, ante a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia, dende EAPN Galicia elaboramos '[Demandas prioritarias para avanzar contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade](#)', que foi trasladado ás candidaturas ao Parlamento de Galicia co obxectivo de atender a 10 grandes demandas, concretadas en 84 medidas e 15 metas.

Tras a celebración das eleccións do 18 de febreiro, establecemos como obxectivo para a lexislatura realizar un seguimento dos compromisos dos partidos para a lexislatura pero, sobre todo, daquelas demandas que propuxemos dende a Rede, é dicir, en que medida estas se estaban a levar a cabo por parte da Xunta de Galicia.

Esta análise permítenos continuar a realizar unha incidencia rigorosa e de calidade e detectar os avances que se van realizando ao longo da lexislatura.

Para isto, elaboramos un documento de seguimento das demandas e metas da lexislatura 2024 - 2028 que avaliamos cada ano, indicando en que medida se foron cumprindo as nosas demandas.

Este seguimento require unha atención constante as distintas iniciativas que se levan a cabo dende a Xunta de Galicia no que se refire a loita contra a pobreza e a exclusión social e ao Terceiro Sector de Acción Social.

Neste sentido, no ano e medio de lexislatura, comprobamos que se realizaron **avances significativos nas políticas de acceso á vivenda**. Non so pola creación da Consellería de Vivenda e Planificación e Infraestruturas, unha das nosas metas principais, se non tamén na ampliación do parque público de vivenda, o recoñecemento das entidades do Terceiro Sector de Acción Social nos procesos de inclusión socioresidencial, aplicación da Lei de Vivenda, entre outras.

Outros avances significativos son tamén a apertura de cinco centros de crise 24 horas de atención a vítimas de violencia sexual, aínda que a nosa demanda era abrir un en cada unha das sete cidades galegas ou a aprobación da [Estratexia de Soidade non Desexada](#).

Non obstante, continuamos agardando pola nova Lei de Inclusión Social e a transferencia do IMV á Xunta de Galicia e, tamén, as urxentes medidas necesarias para reducir as taxas de pobreza e exclusión social das familias monoparentais galegas.

INCIDENCIA EN POLÍTICAS SOCIAIS E NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN

Ó longo do 2025, EAPN Galicia levou a cabo varias actuacións de incidencia política que se enumeran a continuación:

- **Axenda Social de Galicia 2025.** No marco da incidencia para garantir o acceso á vivenda continuamos co seguimento das 100 vivendas da emerxencia social e os avances ou medidas que se vaian aplicando por parte de Concellos, Xunta de Galicia e Goberno central. No que respecta á loita polo remate do chabolismo e infravivenda, continuamos a liña de incidencia de anos anteriores.
- **Estratexia de Inclusión Social de Galicia, propostas para o Consello de Benestar.** Á espera de que se publique o primeiro dos informes bianuais de seguimento da **Estratexia de Inclusión Social de Galicia**, EAPN Galicia preparou a matriz comparativa para constatar cales das achegas realizadas polas entidades membro da Rede estaban incluídas nos obxectivos de dita estratexia así como para o seguimento dos compromisos e actuacións previstas na mesma. Por outra banda, participouse activamente no Consello de Benestar na única xuntanza celebrada en 2025.
- **Poboación migrante.**
 - **Novo regulamento estranxeiría.** xuntanza coa Delegación do Goberno por mor do novo Regulamento de Estranxeiría
 - **Nenas e nenos migrantes non acompañados.** Elaboración dun documento de propostas para a inclusión de nenos, nenas e adolescentes migrantes para o que contamos coas achegas de entidades membro, especialmente daquelas que están especializadas en migración. Ademais, unímonos e subscribimos tamén as demandas da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POIG) neste tema. Dito documento foi remitido á Consellería de Política Social e Igualdade e a Dirección Xeral de Inclusión e á de Infancia, con obxecto de que incorporasen ditas medidas para a acollida de nenos, nenas e adolescentes en Galicia.
- **Microcredenciais para o traballo.** Elaboración do documento de achegas ao decreto polo que se regula o marco galego de microcredenciais para o traballo. Enviado a través dunha consulta pública fomentada dende a Consellería de Emprego, para ter ideas e propostas para a futura norma.

- **Xuntanza coa Valedora do Pobo.** Reunión anual como mínimo para intercambiar liñas de actuacións, accións e pareceres sobre asuntos sociais.
- **IRPF.** Fíxose unha comparativa con respecto a convocatoria do ano anterior. E propuxéronse cambios para a nova convocatoria, coa esixencia principal de anticipar a data de publicación e resolución da mesma.:
- **A nivel local,**
 - **Participación na mesa sectorial de vivenda do Concello de Santiago de Compostela.** Expúxose a información recollida na Diagnose da situación e tensionamento no mercado residencial no municipio de Santiago de Compostela. Dende EAPN Galicia manifestamos a necesidade de que os concellos deben garantir alugueiro social e empregar fondos para rehabilitar os seus inmobles para o alugueiro residencial. Tamén sinalamos mobilización da vivenda baleira, e incrementar o IBI das vivendas desocupadas entre outras demandas
 - **Apoio ás entidades sociais de A Coruña que participaron na mesa de vivenda para declaración de zona de mercado residencial tensionado.** Realizamos aportacións dende EAPN Galicia no acceso á vivenda ás entidades que participaron na mesa de vivenda do Concello da Coruña, para que presentasen as propostas e medidas que consideramos deben aplicarse dende o ámbito local.

INCIDENCIA NOS FONDOS ESTRUTURAIS FEDER, FSE E FEADER. NEXT GENERATION

No marco do FSE + participouse activamente no seu Comité de Seguimento en materias como a simplificación burocrática, asegurar a presenza de entidades do Terceiro Sector, a protección ás familias monoparentais ou a necesaria integralidade e estabilidade dos procesos de inclusión sociolaboral ou socioresidencial.

O ano anterior estivemos a traballar nun documento xustificativo para que no comezo da segunda fase do **Programa FEDER en 2025**, se poida engadir para a reestruturación do programa, un obxectivo específico para fomentar a eficiencia enerxética en barrios, edificios e vivendas na que residen persoas en situación de vulnerabilidade.

Tras a incidencia realizada en Galicia para a reprogramación do PO FEDER 2021 – 2027, este ano como parte do Comité de Seguimento do FEDER coñecemos o documento de **reprogramación do programa de Galicia**, no que confirmaban que se van destinar en vivenda 42,8 millóns de euros.

Analizando en detalle o documento da Xunta observamos que en Galicia se conseguiu que a reprogramación fose para Vivenda e que recolle un novo obxectivo 2.11 **“Promoción de vivenda protexida de promoción pública e rehabilitación de edificacións en conxuntos históricos con destino a vivenda pública para colectivos vulnerables con dificultade de acceso”** por 42.840.000€ para 327 vivendas e cos seguintes ámbitos de intervención:

Ámbito de Intervención	Axuda FEDER Vixente (€)	Modificación orzamentaria (€)	Axuda FEDER Final (€)
043. Construción de novos edificios enerxéticamente eficientes	0,0	+ 23.000.000	23.000.000,0
125. Infraestruturas de vivenda para migrantes, refuxiados e persoas baixo protección internacional ou que soliciten protección	0,0	+ 5.952.000	5.952.000,0
126. Infraestruturas de vivenda (para persoas distintas dos migrantes, refuxiados e persoas baixo protección internacional ou que soliciten protección internacional)	0,0	+ 13.888.000	13.888.000,0

Tras revisar ben o documento e tratar coa Dirección Xeral de Fondos, podemos confirmar que esta reestruturación de orzamentos para vivenda foi produto da incidencia da Red.

O 10 de xuño, participamos no ["Webinar: Políticas sociales y protección de derechos en el nuevo marco comunitario"](#) organizado por EAPN - ES e impartido por José Manuel Fresno no que se abordou o tema da súa financiación baixo a actual e futura programación dos fondos estruturais en concreto o Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) e o Fondo Social Europeo +.



Así mesmo, o 24 de outubro participamos no *Webinar #EUROPACONDERECHOS. Para incidir na reprogramación de FEDER e FSE +* co obxectivo de reforzar a inclusión social. Nesta liña, no marco da XXII Asemblea Xeral Ordinaria de EAPN-ES participamos no Seminario presencial impartido tamén por José Manuel Fresno sobre o futuro dos Fondos Europeos baixo o título *El nuevo Marco Financiero Plurianual 2028-2034: Claves para la agenda social y el papel de EAPN en la negociación* no que se abordou o contexto actual da Unión Europea, as propostas do



Novo Marco Financeiro Plurianual 2028 - 2034 (MFP) e o papel de EAPN para garantir que o novo MFP protexa o espazo social e manteña obxectivos claros en inclusión, garantindo a participación do Terceiro Sector.

INCIDENCIA EN POBREZA ENERXÉTICA. PROPOSTAS PARA A ESTRATEXIA ESTATAL GALEGA

No marco da nosa participación no Grupo de Vivenda de EAPN - ES, no que participan outras redes e entidades estatais, consensuamos e realizamos unha serie de achegas para a elaboración de documentos para consultar públicas plans e estratexias relacionadas coa transición ecosocial e coa pobreza enerxética.

En primeiro lugar. Fixéronse achegas para a elaboración da **Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética 2025 - 2030**. O Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico abriu unha [consulta previa á elaboración e aprobación da nova Estratexia](#), co fin de recadar a opinión e aportacións de particulares, organizacións e entidades interesadas.

Dende o Grupo de Vivenda elaborouse e difundíuse un [formulario](#) ás redes territoriais para que realizasen achegas sobre diversas cuestións:

Dende EAPN Galicia, fixemos aportacións centrándonos na axilización de axudas en emerxencias mediante a automatización das axudas e a redución burocrática, ampliación da cobertura do bono social e a rehabilitación e eficiencia enerxética en vivenda, garantindo que se realice en barrios, vivendas e edificios nos que residan persoas en situación de vulnerabilidade. Incidimos especialmente na necesidade de crear oficinas de proximidade en barrios vulnerables, xestionadas por entidades sociais, que sirvan como ventá para a identificación, implantación e tramitación de axudas.

Coa información recompilada elaborouse un borrador que revisamos conxuntamente e pechamos nunha reunión do grupo o 25 de febreiro. Unha vez realizadas as últimas achegas, elaborouse o documento definitivo de '**Aportaciones a la Estrategia Nacional contra la Pobreza Energética**' que se revisou e enviou ao Ministerio.

A maiores, tamén participamos na [consulta pública para a elaboración do Plan Nacional de Renovación de Edificios](#), unha cuestión moi ligada á pobreza enerxética e na que, como entidades de loita contra a pobreza nos estamos a implicar.

Dende EAPN Galicia sinalamos a **necesidade de que a transición cara edificios de cero emisións chegue a barrios e fogares vulnerables**, e non supoña novas formas de exclusión residencial, forzando aos fogares en situación de vulnerabilidade a desprazarse debido ao incremento dos custes derivados da rehabilitación de edificios. Neste sentido, conxuntamente co resto de entidades, consensuamos unha serie de medidas para evitar ditos desprazamentos, controlando a subida dos alugueiros, así como medidas que se enfoquen primeiro en barrios e vivendas con maior taxa de pobreza e exclusión social para levar a cabo proxectos de mellora da eficiencia enerxética.

Coas achegas das entidades que forman parte do grupo elaborouse un documento definitivo de aportacións ao [Plan Nacional de Renovación de Edificios](#) que se remitiu ao Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana.

As propostas de rehabilitación de vivenda para a mellora enerxética incluíronse tamén nas achegas que se realizaron a [consulta pública previa para a elaboración do Plan Social Para el Clima](#). No que, aínda que non de forma tan activa, tamén participamos dende EAPN Galicia.

O 13 de novembro, dende EAPN Galicia desprazámonos a un Encontro de Redes e Entidades que tivo lugar no Espacio Ecooo (Madrid), no que tivemos un espazo para o diálogo e a formulación de propostas de mellora das políticas públicas, abordando, entre outras cuestións, **como se está materializando a transición ecosocial nas distintas comunidades autónomas e os retos específicos** que afrontan as redes rexionais na aplicación de políticas de transición ecolóxica derivadas de transferencias estatais e mandatos europeos.

Neste encontro ademais de asistir a un diálogo multiactor sobre *Transición ecosocial e acceso á enerxía en clave territorial*, **participamos en mesas de traballo** co obxectivo de



intercambiar opinións e elaborar propostas conxuntas en torno á implementación territorial da transición ecosocial e enerxética. Os grupos compostos por representantes das redes territoriais de EAPN, debatimos en torno a tres preguntas guía centradas nos mecanismos, as barreiras e a cooperación necesarios para asegurar

que políticas clave como o Plan Social para el Clima e a Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética cheguen efectivamente aos fogares máis vulnerables.

SEMINARIOS

SEMINARIO TERCEIRO SECTOR SOCIAL EN GALICIA: ASI SOMOS. CARA UNHA LEI DIALOGO CIVIL DE GALICIA

Co inicio da XII Lexislatura do Parlamento de Galicia (2024-2028), abriuse un novo ciclo político que, non exento de desafíos, chamado a marcar un punto de inflexión no fortalecemento dun dos piares da democracia: o Terceiro Sector. Dende a EAPN-Galicia, coñecedoras do consenso entre as principais formacións políticas con representación no hemiciclo galego na aprobación da Lei do Terceiro Sector; vemos neste paso unha oportunidade excepcional, de xeito que de resposta ás demandas históricas que as entidades deste eido levan tanto tempo reivindicando.

Ante este escenario, no 2024, co gallo da celebración da asemblea ordinaria da EAPN Galicia; organizouse un obradoiro coas entidades que forman parte da Rede, coa finalidade de recoller as demandas e reivindicacións que debería integrar a futura Lei. Non obstante, tras esta dinámica, observamos que había cuestións que non estaban claras, especialmente á hora de concretar que é o Terceiro Sector, polo que era preciso reforzar o coñecemento neste tema mediante unha formación impartida por un profesional.

Tras realizar unha busca de profesionais de distintos puntos do territorio do estado español e ante a necesidade de continuar traballando na Lei de Terceiro Sector e Diálogo Civil e definir quen somos, o 16 de xaneiro celebramos a [primeira Asemblea Ordinaria do 2025](#) na que aproveitando a presenza das entidades membro, decidimos organizar o **Seminario Terceiro Sector Social: Así Somos** que impartiu o profesor de Política Social da Universidad Pablo de Olavide de Sevilla, Germán Jaraíz-Arroyo.

Na sesión Germán Jaraíz-Arroyo, explicounos que somos e que entendemos por Terceiro Sector, realizando un percorrido breve da historia do Terceiro Sector e da situación actual e incidindo no marco de regulación e nas posibilidades e enfoques que podemos seguir de cara a unha Lei do Terceiro Sector en Galicia.



SEMINARIO WEB: MEDIDAS URXENTES DE APOIO Á FAMILIAS MONOPARENTAIS

En Galicia 35.725 familias monoparentais galegas con nenos, nenas e adolescentes a cargo se atopan en risco de pobreza, un 31,2 %. Con estes datos demoledores, agravados polos case catro anos de incumprimento da Lei 5/2021 de Impulso Demográfico, o pasado 18 de setembro, xunto coa Plataforma de Organizacións de



Infancia de Galicia organizamos o [seminario web: Medidas urxentes de apoio para as familias monoparentais](#). O encontro, de carácter participativo, acolleu a entidades e profesionais do sector social adicadas ao traballo con familias monoparentais.

No seminario web presentouse o [informe «Propostas de medidas urxentes de apoio ás familias monoparentais»](#) elaborado conxuntamente entre EAPN Galicia e a POIG. Documento no que se achega o contexto social e o marco legislativo galego e estatal, así como **7 demandas** principais:

1. Creación do Rexistro de familias monoparentais.
2. Facultar aos servizos sociais comunitarios e recursos públicos de atención (CIM) para elaborar informes vinculantes.
3. Equiparar beneficios de familias monoparentais aos de familias numerosas. Incidindo no feito de nunca ser competidoras.
4. Aprobación de medidas de apoio ás familias monoparentais. Poñendo o foco no aumento da feminización da pobreza, (máis do 80% das familias monoparentais está encabezada por mulleres).
5. Aumento de medidas de protección específica na RISGA e no IMV.
6. Apoio nos estudos de diagnóstico da realidade das familias monoparentais.
7. Interlocución estable entre administración e entidades do Terceiro Sector.

O seminario web contou coa presenza de [Carmen Flores](#), presidenta da [Federación de Asociacións de Nais Solteras \(FAMS\)](#) e [Inma Alonso](#) da [Asociación de Familias Monoparentais de Galicia \(FAGAMOS\)](#) que contextualizaron a realidade das familias monoparentais. A clausura foi a cargo de Cristina Blanco, subdirectora de Política de Familia, Infancia e Adolescencia que adiantou avances referentes ao certificado das familias monoparentais.

SEMINARIO WEB: CENTROS DE CRISE PARA AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL

EAPN Galicia e a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade organizamos o [Seminario web: centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia](#), co fin de proporcionarlles información a entidades do Terceiro Sector e da administración pública e resolver dúbidas sobre o funcionamento destes centros.

Para a organización do Seminario creouse un formulario de inscrición que difundimos entre as entidades membro, redes sociais, boletín EnRedeSocial e boletín interno.



O Seminario web contou coa presenza de máis de 100 persoas que participaron en modalidade online mediante a plataforma Zoom, e a apertura do mesmo correu a cargo da secretaria de EAPN Galicia, Ana Álvarez que deu paso á subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, Patricia Fernández López quen fixo unha presentación destes pioneiros centros que prestan atención psicolóxica, xurídica e social especializada con carácter permanente e urxente.

Ademais, aproveitando a presenza de Consuelo Neira, a directora do [Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero](#) da Consellería de Política Social e Igualdade deuse información sobre o funcionamento da [Rede galega de acollemento](#) da que tamén é coordinadora.



PERSPECTIVA DE XÉNERO EN ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR E
SEMINARIO WEB: CENTROS QUÉROTE+

O 14 de maio, tivemos a primeira xuntanza coa Directora Xeral de Promoción da Igualdade, María Quintiana, coa finalidade de establecer contacto e artellar vías de colaboración para distintos proxectos de investigación, ou, fomento da investigación nas entidades do Terceiro Sector de Acción Social. Un tema importante da xuntanza é expor a necesidade de que as entidades sociais teñan igual acceso que as empresas ás liñas de axuda de igualdade, xa que este ano excluíuse ás entidades sociais da convocatoria para a elaboración dos Plans de Igualdade.



Na xuntanza abordamos as seguintes cuestións:

- **Medidas que se van aplicar en materia de igualdade dende a Xunta** como unha estratexia de emprego feminino en sectores masculinizados, un Plan Integral de renovación dos CIM no ámbito rural ou o impulso da prevención da violencia de xénero nos centros educativos e educación afectivo - sexual.
- **Organización dun Seminario web sobre os centros Querote +.** Acordouse a posibilidade de levar a cabo este seminario dirixido sobre todo a entidades do Terceiro Sector.
- **Potenciar ou promocionar convocatorias de investigación en igualdade de xénero dirixidas a entidades sociais.**
- **Garantir o acceso das entidades sociais nas liñas de axuda en materia de igualdade** evitando publicar convocatorias nas que se exclúe directamente ás entidades.
- **Pobreza e exclusión social nas familias monoparentais.** Presentamos as nosas demandas para a redución da pobreza nestas familias, entregándolle o documento trasladado tamén á Conselleira de Política Social e Igualdade.
- **Problema co RUEPSS.**
- **Presentación investigación 'Quen somos na igualdade de xénero?'** unha continuación dun documento elaborado polo grupo de Xénero de EAPN

Galicia no 2018 'Principios para a aplicación da perspectiva de xénero en EAPN Galicia e nas súas entidades membro'.

Como mencionamos, un dos temas que se tratou na xuntanza coa directora xeral de Igualdade foi a organización conxunta dun seminario web sobre os Centros Quérote +. Os **centros Quérote+** son un servizo da Xunta de Galicia, de atención á xuventude, as súas familias e a profesionais que traballan no eido xuvenil, nas temáticas referidas á: sexualidade, LGTBI+, benestar emocional, promoción da igualdade, bo trato e prevención da violencia de xénero, prevención de ITS e embarazos non planificados e realización de probas VIH e VHC.

Para saber máis sobre eles, EAPN Galicia xunto coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade organizou o mércores **29 de outubro ás 9:30 horas o [seminario web "Centros Quérote+. Información e asesoramento para a mocidade"](#)**. Este seminario, que tivo lugar en modalidade en liña, estivo dirixido a entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia e a administracións públicas.

A apertura do Seminario estivo a cargo María Quintiana, a Directora Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade e, a continuación, Isabel Presas, coordinadora dos centros Quérote + e educadora social, foi a encargada de impartir o Seminario.



O obxectivo desta xornada era proporcionar información do funcionamento e dos servizos que ofrecen os centros Querote +, ademais de abrir unha canle de comunicación entre profesionais da administración pública e das entidades sociais.

Isabel Presas tamén destacou o alcance que ten este servizo. No 2024 **resultaron beneficiarias dos servizos dos centros Quérote +, 22.428 persoas**, das cales 5.186 foron por consultas atendidas para proporcionar información e asesoramento, 544 víronse beneficiadas mediante accións formativas e 5.301 na área de participación.

SEMINARIO: OS DISCURSOS DE ODIO E APOROFOBIA


O 18 de xuño, no marco da asemblea xeral de EAPN Galicia, polo Día Internacional para Contrarrestar os discurso de odio, celebramos o **Seminario: Os discursos de odio e aporofobia no acceso aos servizos públicos**.



Este Seminario xorde nun contexto de preocupación das entidades membro de EAPN Galicia, ante un escenario internacional cada vez máis polarizado, onde a desinformación e os prexuízos xeradores de discursos de odio están o orde do día, a desigualdade social e a pobreza segue a aumentar e no que as persoas máis vulnerables son as dianas desta corrente de odio que transcorre de maneira reiterada.

Esta actividade constou de dúas partes. Unha primeira parte na que dende as entidades membro analizamos dende a experiencia o crecemento do discurso de odio e como ás entidades sociais e ás persoas en situación de vulnerabilidade.

En segundo lugar, coa premisa de continuar loitando contra o discurso de odio presentouse a declaración Tolerancia e respecto. Fronte ao discurso do odio e a aporofobia, que foi aprobada por unanimidade polas entidades que integramos EAPN Galicia na Asemblea Xeral.



Esta declaración foi elaborada contando coas aportacións das entidades membro e, especialmente, das profesionais que integran o grupo de comunicación da Rede. É unha chamada á responsabilidade colectiva para garantir os dereitos fundamentais de todas as persoas, especialmente das que se atopan en situación de maior vulnerabilidade.

GRUPOS DE TRABAJO

GRUPO DE TRABAJO NOVA LEI DE INCLUSIÓN. IMV / RISGA.

Este ano o Grupo de Traballo de Inclusión de EAPN Galicia tivo apenas actividade polo escaso movemento que houbo na Lei de Inclusión, á espera da prevista modificación.

A nivel estatal, si tivemos unha reunión co Grupo de Inclusión de EAPN España a principios de ano onde concretamos as liñas de acción a desenvolver no 2025. Neste sentido marcouse como obxectivo principal a actualización da Estratexia da Pobreza para presentala nunha xuntanza coa Dirección General de Inclusión do Estado. Os puntos onde se faría máis fincapé na incidencia foi:


- A busca de compatibilidade do IMV coas rendas mínimas das comunidades autónomas e transferir á competencia do IMV ás comunidades autónomas.
- Concretar que se as partidas das rendas mínimas non se gastan, se destinen a outras cuestións de carácter social.
- Incidir na pobreza infantil, especialmente á relacionada coas familias monoparentais, sen apoios específicos coa conxelación da Lei de Familia.
- Fenda dixital que dificulta o acceso á información e agravia a equidade das persoas en vulnerabilidade.
- Políticas activas de emprego
- Crear sinerxías contando coas persoas en pobreza. Desenvolvemento de traballo alianzas e traballo en rede onde converxan persoas con experiencia en pobreza, a mocidade, o Terceiro Sector, a universidade e voluntariado.

Fíxose mención a necesaria actualización do Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM), para axustarse máis á realidade, con limiares que se adecúen á situación económica actual. Esta conxelación afecta ao acceso a prestacións sociais como becas, ou bonos, deixando fóra a moitas persoas e familias.

GRUPO DE PARTICIPACIÓN

O Grupo de Participación traballa de xeito transversal en tódalas actuacións levadas a cabo pola rede, coa finalidade de fomentar a participación plena das persoas en risco de pobreza e/ou exclusión nas entidades membro, na loita polo cumprimento dos seus dereitos.

Está integrado por profesionais e voluntarias das entidades membro: Acem, Asociación de Migrantes de Galicia AMIGA, Asociación para a Prevención e a Educación Social APES, Boa Vida Inclusión Activa, COGAMI, Dano Cerebral Galicia, Down Galicia, Emaús Galicia, Fundación Esplai, Fundación Ronsel, Fundación Secretariado Xitano, Hogar Sí, Movemento pola Paz e Provivienda.



Neste 2025, o Grupo de Participación celebrou un total de 4 xuntanzas en liña e unha presencial co principal obxectivo de organizar o XVI Encontro Galego de Participación para persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social, baixo o lema “Estereotipos, que non te limiten” que se celebrou o 11 de

xuño na EGAP en Santiago de Compostela.

Antes da celebración do Encontro Galego de Participación, leváronse a cabo uns talleres con participantes das distintas entidades que quixeron formar parte do Encontro para traballar previamente os contidos en base a un documento marco.

Como novidade este ano o Grupo de Participación implicouse na elaboración dunha peza audiovisual “Estereotipos, que non te limiten” onde se reflicten as actividades e programas que levan a cabo diariamente entidades do Terceiro Sector de Acción Social.

Cada entidade gravou vídeos mostrando a realidade do día día da súa entidade cos participantes como protagonistas. A finalidade é desmontar con imaxes os estereotipos e prexuízos. Unha vez editado a peza audiovisual subiuse a Youtube e proxectouse no XVI Encontro Galego de Participación.

XVI ENCONTRO GALEGO PARTICIPACIÓN

Esta edición do Encontro Galego de Participación desenvolveuse baixo o lema *Estereotipos, que non te limiten*. Unha reflexión sobre o alcance que teñen os estereotipos e prexuízos afectando ao acceso a servizos esenciais para as persoas máis vulnerables.



Este ano contouse coa participación e colaboración 20 entidades membro representadas por unha persoa técnica e ata 3 participantes, sumando un total de 80 persoas.

Das propostas recollidas nos grupos de traballo puidéronse extraer conclusións como:

- Sensibilización e formación continua ás profesionais.
- Apoio e fomento de programas nos espazos públicos para persoas vulnerables por parte dos concellos e entidades.
- Atención personalizada, integral e cun enfoque centrado na persoa.
- Promover a medición rápida da satisfacción tras recibir atención.
- Redución da burocracia e dos trámites na administración pública.
- Campañas de sensibilización nas redes contra os discursos de odio.
- Sancións a profesionais que exerzan condutas ou tratos discriminatorios na administración pública, entidades sociais e/ou empresas.



Trala tradicional lectura do manifesto no acto de rúa, este ano celebrado na Praza Exeria, por primeira vez, nun Encontro Galego de Participación, procedeuse a facer un minuto de silencio administrativo, un acto reivindicativo en sinal de protesta ante as trabas burocráticas e administrativas que a cotío afectan as persoas máis vulnerables.

ENCONTRO ESTATAL DE PARTICIPACIÓN

O encontro Estatal de Participación celebrouse no Complejo Cultural San Francisco en Cáceres do 2 ao 4 de abril. Este ano desprazáronse tres persoas en risco de pobreza ou exclusión social de entidades que se integran dentro de EAPN Galicia.


No XVIII Encontro Estatal de Participación, baixo o lema 'Los servicios sociales que necesitamos: reformas y propuestas' traballouse acerca da mellora dos servizos sociais. A partir de propostas emitidas polos diferentes participantes de todas as delegacións do Estado, concluíuse a demanda dun sistema de servizos sociais centrado na persoa.



GRUPO DE INSERCIÓN SOCIORESIDENCIAL. ACCESO Á VIVENDA

No mes de febreiro deste 2025, celebrouse a xuntanza do Grupo de Vivenda de EAPN Galicia, no que participaron integrantes das entidades: ONG Mestura, MPDL, COGAMI, CDR Portas Abertas, Fundación Secretariado Xitano, Provivienda, Igaxes, Arela, Fundación Érguete - Integración, Hogar Sí, Emaús e Amaranta.

Nesta xuntanza, realizouse unha diagnose sobre os avances en política de vivenda que houbo no último ano e da actividade do grupo durante o 2024. Presentouse un plan de traballo para a incidencia política en vivenda en 2025 e a campaña #EmerxenciaVivenda #DoceMesesDoceDemandas e fíxose fincapé na proposta dun programa de inclusión residencial para presentar á Consellería de Vivenda e no estudo sobre as vivendas que xestiona o Terceiro Sector en Galicia.




Ao longo do 2025 o grupo realizou diversos traballos:

- Colaboración na elaboración dos contidos e na difusión da campaña #EmerxenciaVivenda #DoceMesesDoceDemandas.
- Achegas e emendas para a reforma do Bono Alugueiro Social que se está a impulsar dende a sección social do Observatorio da Vivenda de Galicia.
- Emendas e propostas de mellora para o Bono Entidades. Esta convocatoria nace co fin de subvencionar o Programa do bono alugueiro para entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.
- Validación do formulario para a recollida de información do estudo de vivenda e Terceiro Sector. Outra das tarefas que levou a cabo o grupo foi a validación do formulario feito para a recollida de datos que se van utilizar para elaborar un estudo sobre a xestión e provisión de vivenda polo Terceiro Sector. Envióuselles un primeiro borrador para que o visen e nos indicasen os cambios que poderíamos facer.

Neste sentido, solicitamos unha xuntanza coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, realizada o 24 de setembro. Nela abordouse o futuro Plan Estatal de Vivienda, a convocatoria do Bono Entidades e do Bono Alugueiro Social e a posibilidade de dispor das vivendas da Sareb para aumentar o acceso á vivenda a prezo accesible, entre outras demandas.

GRUPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL. PROGRAMA DE EMPREGO

O grupo de traballo de emprego, tivo a súa primeira xuntanza de 2025 en abril e ao longo do ano seguiu a traballar en demandas de mellora ao acceso ao emprego en base aos resultados da investigación e o programa específico desenvolvido no período 2022 - 2023 como exemplo do traballo en rede, integral e a longo prazo de inclusión socio laboral. Tamén nos centramos nas implicacións da implantación da nova Lei de Formación Profesional, as convocatorias Cooperera e a exclusión de entidades do Terceiro Sector dalgunhas convocatorias de Emprego.



No mes de maio, mantívose unha xuntanza coa Consellería de Economía, Emprego e Industria (Secretaría Xeral de Emprego e Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego). Na mesma puxéronse sobre a mesa as seguintes propostas:

1. **Posible convocatoria PIE Vulnerables.** Comprobamos que o actual PIE non está adaptado entidades sociais que traballan con persoas vulnerabilizadas.
2. **Convocatoria do Programa Posta a punto para o Emprego 2025/2026.** Aproveitando as aprendizaxes do Programa dende o grupo estívose a traballar propostas de mellora do borrador da convocatoria 2025/2026.

No marco desta interlocución e do grupo de traballo elaborouse un documento de emendas e propostas para o borrador da convocatoria do PIE de 2025 que se enviou á DX de Formación e Cualificación para o Emprego. Tras unha xuntanza técnica aceptouse o cambio do artigo 12. Criterios de valoración dos programas, introducindo non so sectores estratéxicos, se non tamén prioritarios, nos que se inclúen a construción e o comercio.

Por outra banda, tamén se mantivo interlocución no eido da **convocatoria dos Programas Cooperera**, coa finalidade de que sexa máis xusta e se adapte ás circunstancias das entidades sociais medianas e pequenas. Realizouse unha recollida de propostas das entidades membro que se remitiron á Subdirección Xeral de Emprego valorando algúns aspectos positivos como a suba do orzamento, pero

sinalamos a necesidade de incrementalo e de que a solución non sexa rebaixar os máximos de postos das concesións, tamén sinalamos a necesidade de que computen contratacións indefinidas que xa non estean viventes na data de publicación da convocatoria, entre outras cuestións.

Outro tema no que incidimos é a **Lei da Formación Profesional**, que está en proceso de implementación e que busca unha transformación integral do sistema con obxecto de convertelo nun modelo único que facilite o acceso a empregos de calidade para a mocidade. Unha das dúbidas que xurdiron nestes últimos meses é como se vai desenvolver esta lei nas Comunidades Autónomas.

Nesta liña, acordamos coa Subdirección Xeral de Formación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia a realización do **Seminario web 'Accións formativas do Sistema de Formación Profesional para persoas en vulnerabilidade'**.

Celebrada o 22 de outubro tivo o obxectivo de coñecer as alternativas á formación para o emprego para persoas en situación de vulnerabilidade (AFDs/UFE), tanto polas opcións que se poidan ter na comunidade, como as que poidan organizarse dende as entidades da rede).

Na sesión abordáronse os seguintes puntos:

- Nova convocatoria de accións formativas para persoas traballadoras desempregadas (AFD):
- Nova convocatoria de unidades formativas en empresas con compromiso de contratación (UFE): dirixida ás entidades membro de EAPN interesadas na formación profesional.

A maiores, dende a Rede participamos no Grupo de Empleo de EAPN ES que este ano estivo centrado na nova Lei de FP a nivel estatal e a situación nos distintos territorios.

GRUPO FÓRUM XURÍDICO

Este ano o Forum Xurídico non celebrou ningunha xuntanza presencial, pero si en liña. Ao longo do ano, abordouse a discriminación das entidades do TSAS respecto a empresas e organizacións de carácter lucrativo en convocatorias, remarcando que, nin os seus orzamentos nin as persoas beneficiarias das súas actividades, son os mesmos que as das entidades do TSAS (facendo fincapé na importancia do enfoque de dereitos).

Tamén se salientou a necesidade de contar con documentos claros e operativos, que inclúan o contexto dos problemas identificados, o traballo en rede de entidades implicadas e as vías exploradas para a súa resolución e as propostas ou posibles argumentos de incidencia propositiva para as accións que se poden levar a cabo.

O grupo mantense activo e se autorregula a través de Whatsapp, canle que os seus integrantes empregan para resolver dúbidas.

GRUPO AD HOC DESINSTITUCIONALIZACIÓN

Dende as entidades sociais que forman parte de EAPN Galicia, desenvólvense proxectos para a prevención da institucionalización e iniciativas para a desinstitucionalización das persoas dende un enfoque de dereitos, levando a cabo procesos de tránsito de persoas que viven en institucións a vivendas con apoios na comunidade, non so traballando directamente coas persoas, as súas familias e contorna, se non tamén levando a cabo investigacións e propostas para a transformación do actual modelo de apoio e coidados.

Neste contexto, dende EAPN Galicia consideramos que é necesario aproveitar esta experiencia e aprendizaxes das entidades sociais do Terceiro Sector de Acción Social que traballan dende un enfoque de dereitos en programas e proxectos de desinstitucionalización en Galicia e recoller as boas prácticas que se levan a cabo, así como definir os retos pendentes e demandas para continuar avanzando cara un modelo de coidados e apoio as persoas centrado na persoa.

Dende EAPN Galicia conformouse un grupo ad hoc coas entidades membro que están a traballar ou traballaron con programas ou proxectos de desinstitucionalización con persoas con discapacidade, maiores en situación de dependencia, persoas sen fogar, nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección, e mocidade que pasou polo mesmo.

A finalidade deste grupo é por en común os coñecementos adquiridos e elaborar un documento que recolla, por unha banda, as boas prácticas e aprendizaxes en desinstitucionalización e/ou prevención da institucionalización que levan a cabo as entidades e, por outra, os retos pendentes e demandas en Galicia para transformar o modelo de apoio e coidados actual. Deste xeito durante o 2025 leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- **Recollida de boas prácticas e aprendizaxes** en desinstitucionalización que se levaron a cabo dende as entidades do Terceiro Sector. Para isto, [lanzamos un formulario](#) que foi enviado a todas as entidades membro. Recolléronse proxectos de once entidades que traballan con diferentes grupos sociais: discapacidade, autismo, dano cerebral, saúde mental, persoas maiores e persoas privadas de liberdade.

- **Conformación do grupo ad hoc de desinstitucionalización e primeira xuntanza.** O 4 de novembro mantivemos a primeira xuntanza deste grupo que tivo lugar en modalidade online. Nesta xuntanza participaron persoas das entidades: APES, COGAMI, F. Autismo Galicia, CDR Portas Abertas, CDR O Viso, Andaina, Lenda, Igaxes, e Dano Cerebral.

Nesta xuntanza explicouse o obxectivo do grupo de traballo: a elaboración dun documento de posicionamento ou de referencia *'Desinstitucionalización: Aprendizaxes para un modelo de autonomía persoal das persoas que viven situacións de dependencia, vulnerabilidade ou exclusión'* que recolle os principios comúns e aspectos clave que deben rexer os proxectos de desinstitucionalización ou prevención da institucionalización das persoas, así como unha serie de propostas e demandas que sería preciso dende as administracións públicas en estreita colaboración co Terceiro Sector.

GRUPO DE COMUNICACIÓN

O grupo de comunicación de EAPN-Galicia estivo a traballar activamente en combater os discursos de odio e visibilizar a actividade do Terceiro Sector. Tamén contribuíu a seguir na senda das causas comúns, defendendo os dereitos e a dignidade das persoas máis vulnerables.

Está composto por responsables de comunicación das entidades **Accem, Autismo Galicia, AGARESO, CDR Portas Abertas, CDR O Viso, COGAMI, Down Galicia, Ecos do Sur, Fundación Érguete Integración, Fundación Espai, Federación Alzheimer Galicia, Fundación JuanSoñador, Dano Cerebral Galicia, Fundación Meniños, Saúde Mental FEFES e Hogar Sí.**

Neste 2024, realizáronse un total de 4 reunións co Grupo de Comunicación, unha delas presencial, para abordar a organización e calendarización das campañas principais que EAPN Galicia levou a cabo neste ano. A maiores tiveron lugar 3 reunións operativas de maneira virtual para acordar accións na campaña **#OrgulloTerceroSector**.

As principais campañas nas que participou activamente foron a X Solidaria, **#ContrAporofobia**, no apoio na elaboración da *Declaración "Tolerancia e respecto. Fronte ao discurso do odio e aporofobia"* e posterior difusión. Pero especialmente no impulso, deseño, elaboración e difusión da campaña **#OrgulloTerceroSector**, que foi estendida ata o Seminario Anual de EAPN.

Ademais durante o ano colaboraron na difusión de campañas xa marcadas no calendario como **#EstadoDePobreza #FaiQuePase** (X Solidaria) e **#EsXTi** (Casilla Solidaria de impostos de sociedades para empresas) e unha nova, no marco de **#EmerxenciaVivenda** que é **#DoceMesesDoceDemandas**.

Ademais das xuntanzas estables, o grupo de comunicación autorregúlase a través dunha canle de Whatsapp, no que as súas integrantes trasladan peticións de difusión de contidos e axuda técnica mutua.

Grazas ao traballo en Rede do Grupo de Comunicación, acadouse unha importante presenza en medios de comunicación que contribúe na difusión das causas que se defenden desde EAPN Galicia e as súas entidades membro.



Podemos destacar a título de exemplo as seguintes:

- ▶ [Galicia, la comunidad que más redujo la pobreza y la exclusión social, según el INE.](#) 15.02 (+ 3 artigos similares)
- ▶ [A nova sede da cooperación social en Galicia recibe unha visita institucional no Día da Xustiza Social.](#) 19.02. (+3 artigos similares)
- ▶ [Universidad y tercer sector buscan mejorar los procesos de inclusión.](#) 22.02 (+ 1 artigo similar)
- ▶ [Ni números ni problemas: niñas y niños con derechos.](#) 19.03 (+3 artigos similares)
- ▶ [El riesgo de pobreza o exclusión social baja al 18,8% en Galicia.](#) 26.03 (+1 artigo similar)
- ▶ [Simposio en Verín sobre la vivienda en el medio rural.](#) 27.03
- ▶ [Galicia se moviliza para impulsar la «X Solidaria».](#) 2.03 (+ 6 artigos similares)
- ▶ [La Diputación de A Coruña premia a seis entidades sociales por realizar "o mellor traballo do mundo".](#) 7.05 (+3 artigos similares)
- ▶ [Pobreza infantil en Galicia: datos que no dejan de asustar.](#) 19.05
- ▶ [Solicitud de zona residencial tensionada do Concello de Santiago.](#) 26.05 (+3 artigos similares)
- ▶ [Constitúese o Consello de Transferencia do CISPAC con sete institucións galegas de referencia.](#) 17.06 (+1 artigo similar)
- ▶ [El IMV llega a más de 90.000 gallegos y ya supera los 200 millones anuales.](#) 26.08 (+3 artigos similares)
- ▶ [As familias monomarentais duplican a taxa de pobreza do resto de fogares.](#) 19.09 (+1 artigo similar)
- ▶ [#OrgulloTerceroSector, a nova campaña das entidades sociais para visibilizar o seu fundamental papel na sociedade.](#) 30.09 (+6 artigos similares)
- ▶ [EAPN Galicia recuerda que las Administraciones tienen la "obligación y el compromiso" de acoger a los menores migrantes.](#) 1.10 (+6 artigos similares)

- ▶ [Galicia ya es la autonomía con menos desigualdad pero la vivienda sigue siendo el principal problema](#). 18.10 (+ 20 artículos similares sobre informe Estado da Pobreza)
- ▶ [La batalla para que ningún niño de A Coruña se quede sin oportunidades: "Falta de todo"](#). 2.11
- ▶ [Más de 432.000 personas atópanse ás portas do inverno en situación de pobreza enerxética](#). 22.11
- ▶ [La Red Europea de Lucha contra la Pobreza inaugura en A Coruña un seminario sobre modelos de servicios sociales](#). 25.11 (+12 artículos similares)


CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN

#FAIQUEPASE. X SOLIDARIA E EMPRESA SOLIDARIA

Como todos os anos, entidades do Terceiro Sector Social de Galicia únense para animar á cidadanía a marcar a casa de Fins Sociais na Declaración da Renda coa Campaña X Solidaria 2025, pautada en gran medida pola campaña estatal.

O ano 2025, baixo o cancelo #FaiQuePase, entidades membro e EAPN Galicia, a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia e o CERMI elaboraron un plan de traballo a seguir para o desenvolvemento da campaña.

A campaña ten varias liñas de actuación. Por unha parte, difusión en redes sociais. A través da recollida de información tanto a nivel autonómico como a nivel provincial. Constatase o número de persoas que marcaron a casa 106 o pasado ano, cantas a marcaron xunto coa casa da igrexa e cantas faltan para que a marquen. Asemade infórmase da cantidade de diñeiro recado grazas ao xesto da cidadanía e a cantidade de proxectos sociais que se puideron desenvolver, así como o número de persoas beneficiarias das mesmas. Neste último punto incídese especialmente, difundindo por redes sociais proxectos concretos de entidades membro de EAPN Galicia que foron financiados a través do 0,7% do IRPF de cada persoa que marcou a casa de Fins Sociais. Faise a través dunha “Foto testemuña” no que se inclúe a foto e unha breve descrición do proxecto.



A outra liña de actuación, trátase dun [acto de rúa](#). Este ano celebrouse o 2 de abril na praza da Quintana, coincidindo co arranque da campaña da Declaración da Renda. Nesta iniciativa colaborou o Colexio oficial de Arquitectos de Galicia e o Instituto Europeo Campus Tellea. Nela, entidades e persoas beneficiarias “debullaron” unha **xigante cunha tea de cor laranxa** facendo un novo chamamento para que o financiamento que chega a través do 0,7% do IRPF continúe crescendo.

A [lectura do manifesto](#) correu a cargo da directora da Plataforma de Organización de Infancia de Galicia, Inés Salteiro, o presidente do CERMI Galicia, Ramón Sestayo e o tesoureiro de EAPN Galicia, Miguel Rodríguez. A lectura contou coa tradución simultánea en lingua de signos a cargo dunha intérprete da Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia.



Durante o 2024, a campaña recadou en Galicia **26.520.069 €**, grazas a que 793.484 contribuíntes (o 53,63% do total) marcaron o X Solidario na súa declaración, o que supón unha recadación de 33'42 € por persoa. O resultado dos datos é positivo, 18.089 persoas máis que o ano anterior marcaron o recadro 106, traducido nun aumento de 2.490.581 € con respecto ao ano anterior.

Como novidade, en xullo tamén nos sumamos á campaña impulsada pola Plataforma do Terceiro Sector de Acción Social da **Casilla Empresa Solidaria** co motivo da declaración de Imposto de Sociedades nas empresas para marcar a casilla de fins sociais e así destinar o 0,7% da súa tributación a financiar proxectos sociais.



Na campaña do 2024, en Galicia un total de **19.142 empresas** marcárona dando como resultado unha recadación de **3.056.478 euros**, o **dobro** que a campaña anterior. Este repunte converte a Galicia na segunda comunidade autónoma onde máis crece a implicación das empresas na iniciativa.

As accións desenvolvidas no transcurso da campaña CasillaEmpresaSolidaria baixo o lema #EsXTi baseáronse en publicacións en redes sociais animando ás empresas a marcar a casa e na elaboración dunha **nota web**. O obxectivo era informar dos beneficios de marcala e do cero perxuízo para as empresas, senón todo o contrario, co recoñecemento de Selo Empresa Solidaria que acreditaba ao marcala.

#EMERXENCIAVIVENDA. #DOCEMESESDOCEDEMANDAS

Na liña da incidencia política no acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, dende EAPN Galicia elaboramos, en colaboración coas entidades membro, a campaña de comunicación #EmerxenciaVivenda #DoceMesesDoceDemandas.

A campaña consistiu en facer incidencia política en cada un dos doce meses do ano, abordando os distintos factores de exclusión residencial que se recollen no **VIII Informe situación 2024: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia.**

Comezamos elaborando un calendario onde aparecen os temas sobre os que se ía falar cada mes e as entidades membro que forman parte do grupo de vivenda que ían colaborar na elaboración dos contidos. A elección de temas e datas non foi aleatoria, tentouse axustar entornando a días mundiais ou internacionais, por exemplo, o 8 de abril decidiuse falar sobre chabolismo e infravivenda aproveitando que era o Día Mundial do Pobo Xitano.

Unha vez ao mes, mediante a colaboración das entidades membro especializadas en cada tema elaborábanse os contidos que foron publicados nas redes sociais de EAPN Galicia e acompañábanse as publicacións dunha infografía feita de xeito interno que resumía e presentaba os contidos dun modo máis visual e, acompañábanse as publicacións cos vídeos que se gravaron no 2024 durante o [Seminario Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible](#) no que as entidades membro expuxeron os distintos factores de exclusión residencial que aparecen no informe.

Con estes criterios lanzouse a campaña no mes de xaneiro abordando os [catro retos pendentes na acción pública para acelerar e non por freo as políticas en materia de vivenda](#) e, co apoio do grupo de vivenda, o grupo de comunicación e as entidades membro da Rede en xeral, conseguimos coordinar baixo o hashtag #EmerxenciaVivenda #DoceMesesDoceDemandas, unha serie de publicacións en redes sociais en días cada mes, para que os temas tivesen máis impacto e alcance.

INFRIVIVENDA E CHABOLISMO

#EmerxenciaVivenda
#DoceMesesDoceDemandas

SITUACIÓN

Galicia é a CCAA con máis **presentación relativa** de chabolas:

- Case **3 de cada 10** vivendas onde reside poboación xitana corresponden a infravivendas (28,57%) e **13,13% a chabolas**.

AVANCES E BOAS PRÁCTICAS

- Resolucións do **Parlamento Europeo**: erradicación de asentamentos chabolistas para 2030.
- Exemplos en Galicia: Penamoa en A Coruña e o realoxo parcial en O Carqueixo (Lugo).

RETOS PENDENTES

- Definir Estratexia de **erradicación do chabolismo e infravivenda en Galicia**.
- **Coordinación** Consellería de Vivenda/GVS e Política Social.

EMERGENCIA VIVENDA EAPN GALICIA

#POBREZAGALICIA

A campaña #PobrezaGalicia foi o fío condutor das actuacións en redes sociais do Día Internacional da Erradicación da Pobreza en Galicia e da presentación do XV Informe do Estado da Pobreza en Galicia.

A campaña consistiu nunha consecución de chíos e de publicacións nos perfís que EAPN Galicia ten en redes sociais durante o día 17 de outubro. As imaxes e o texto das publicacións e chíos recollían os principais datos do Informe.

'O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA' XV Informe 2025

CASE 180.000 PERSOAS MENOS EN POBREZA QUE O ANO PASADO

O CLIMA POLÍTICO GALEGO, ONDE NON HAI CABIDA PARA O ODIO, POSIBILITA AVANZAR EN POLÍTICAS SOCIAIS

#POBREZAGALICIA
#ESTADODEPOBREZA

EAPN GALICIA

#ORGULLOTERCEIROSECTOR

#OrgulloTerceiroSector xorde do descoñecemento e a desinformación xeralizada do Terceiro Sector. É preciso un coñecemento das labores que realizan as entidades

sociais por parte da cidadanía, pero en especial de responsables políticos, económicos e sociais, desmentindo bulos que xiran ao redor delas.

Á súa vez é necesario un recoñecemento da actividade e da riqueza e emprego que



xera o sector, malia carecer de ánimo de lucro. Lanzar mensaxes en positivo, derribar mitos, informar verazmente sobre o labor son as pretensións desta campaña. Todo comunicado dende unha linguaxe próxima e coloquial, afastada de tecnicismos e siglas que non se entenden e non chegan a todo o público.

Neste sentido propúxose dúas fases:

- De coñecemento: primeira fase evidenciando o descoñecemento social con entrevistas na rúa, e unha segunda con entrevistas as entidades respondendo ás mesmas preguntas formuladas previamente a persoas anónimas.
- De recoñecemento: entidades galegas e posteriormente ampliouse ao ámbito estatal gravarían un vídeo respondendo a pregunta "Por que estou orgullosa de traballar no Terceiro Sector?"

Para a primeira fase de coñecemento, as comunicadoras que forman parte do Grupo de Comunicación, saíron a catro cidades de Galicia (A Coruña, Santiago, Ourense e Vigo) con cámara e micrófono en man para preguntar a persoas anónimas cuestións acerca do Terceiro Sector.

O lanzamento de campaña fíxose o 22 de setembro coa publicación de pílulas editadas coa batería de respostas realizadas pola cidadanía, 5 en total. No mes de novembro lanzouse a segunda parte desta fase de coñecemento coas respostas das entidades aportando datos rigorosos e de calidade acerca do seu traballo.

Fixéronse dúas presentacións da campaña. A nivel galego, **no Colexio de Xornalistas de Galicia dentro do formato Almorzo On/off**. Para a organización, previamente, tivemos dúas reunións. Xuntanzas para organizar o Almorzo e coordinarnos na loxística, pero tamén para establecer alianzas e intercambiar necesidades de ambos actores sociais, programando posibles futuros encontros e colaboracións.



A segunda presentación realizouse no marco do Seminario Anual de EAPN, celebrado este ano na Coruña. No último día, dentro dun Acto simbólico procedeu a lanzar a campaña a nivel nacional e animar a entidades de todo o Estado a sumarse, convertendo a etiqueta #OrgulloTerceiroSector a #OrgulloTercerSector. O acto

presentado polo xornalista Íñigo Caínzos, apoiándose nos materiais audiovisuais da campaña, foi expoñendo as distintas fases para finalmente lanzar a última parte da campaña, a fase de recoñecemento.

Así, animouse a todas as entidades presentes a formar parte dela. Ese día, o 28 de novembro, tralo Acto simbólico, as redes sociais víronse inundadas de vídeos de distintas entidades sociais proclamando os motivos de estar orgullosas de pertencer e traballar no Terceiro Sector baixo o cancelo #OrgulloTercerSector. Para máis información, pódese consultar a nosa [nota web](#).

#CONTRAPOROFOBIA

Nos últimos tempos, o panorama social agravouse, cuns discursos de odio que están máis latentes que nunca. A súa circulación libre de impunidade e a súa normalización fixo que dende EAPN Galicia aprobásemos por unanimidade na Asemblea Xeral a [Declaración «Tolerancia e respecto. Fronte ao discurso de odio e aporofobia»](#) o 18 de xuño, coincidindo co Día Internacional para Contrarrestar o Discurso do Odio. Unha vez aprobada foi difundida, animando a que a asumiran todas as entidades do Terceiro Sector e familias da economía social e solidaria.

Actualmente, son 130 adhesións as que leva recadada esta Declaración nas que se atopan entidades de todos os ámbitos. Entre elas catro plataformas do Terceiro Sector e a economía social, case unha decena de colexios profesionais, e un centenar de organizacións mostran o seu rexeitamento a estas condutas e circulación sen impunidade de mensaxes infundados que avivan comportamentos violentos cara a poboación máis vulnerable.



Na declaración, as entidades asinantes reiteran o establecido na [Declaración Institucional do Parlamento de Galicia](#), aprobada por unanimidade nesa cámara o 20 de outubro do 2020 e reclaman ás forzas políticas e institucións públicas galegas que honren o seu compromiso e a acaten sen ningún tipo de vacilación ou dúbida. Por este motivo, no Día Mundial pola Erradicación da Pobreza celebrada no Parlamento de Galicia, este ano, lembramos ás forzas parlamentarias que non esquezan o seu compromiso e que actúan na senda do respecto e a tolerancia, lexitimando os valores democráticos.

ESTRATEGIA COLABORACIÓN UNIVERSIDADE E TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL

O Plan Estratégico 2022 - 2025 de EAPN Galicia contempla na *Liña Estratégica 1: Incidencia política, social e diálogo civil* dúas accións dirixidas á colaboración entre Terceiro Sector e Universidade:

A.1.1. Actualización das alianzas susceptibles de seren desenvolvidas: universidades, colexios profesionais, entidades de economía social e solidaria, medios de comunicación.

A.1.2. Acercamento á Universidade para o establecemento de iniciativas de formación en intervención social e programas concretos de investigación aplicada ou aprendizaxe servizo.

Tras a posta en marcha destas liñas de acción elaborouse a **Estrategia de colaboración entre Terceiro Sector e Universidade 2026 - 2028** que constitúe unha **folha de ruta para EAPN Galicia e as súas entidades membro** para consolidar e reforzar os vínculos entre as universidades galegas e o Terceiro Sector de Acción Social.

A Estrategia contén **seis eixos estratégicos**, cada eixo contén unha serie de **obxectivos estratégicos e accións clave**.

Eixo 1. Visibilización e recoñecemento

Eixo 2. Investigación e coñecemento aplicado

Eixo 3. Formación e docencia

Eixo 4. Prácticas e voluntariado

Eixo 5. Financiamento e sustentabilidade

Eixo 6. Canais de comunicación

GRUPO DE DISCUSIÓN DE UNIVERSIDADES E TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL

Ante a crecente demanda e interese por parte das entidades que formamos parte de EAPN Galicia de comezar a artellar lazos e espazos de colaboración e coordinación conxunta entre Terceiro Sector e Universidades que teñan unha utilidade práctica para ambos actores e que serva como intercambio de coñecementos aproveitando os recursos que temos no TSAS e no Sistema Universitario Galego (en adiante SUG), acordouse a elaboración dunha rede de colaboración entre Universidades e Terceiro Sector en Galicia para implantar nos vindeiros anos.

A Estratexia de colaboración entre Terceiro Sector e Universidade confórmase destas accións:

1. **Grupo de discusión Universidades e Terceiro Sector.** Conformados por profesionais das entidades membro de EAPN Galicia e por persoal docente e investigador das universidades galegas.

O primeiro grupo integrado por sete persoas das entidades Down Galicia, Fundación Meniños, Fundación Ronsel, Dano Cerebral Galicia e da Área de Equidade e Diversidade da UVigo, Facultade de Traballo Social da UVigo e Facultade de C. da Educación da USC.

O segundo, composto por a parte das entidades sociais, por unha persoa da Fundación Érguete-Integración e dúas profesoras da Facultade de Socioloxía da UDC e da Facultade de Educación e Traballo Social da UVigo.

Nestes grupos traballáronse as razóns para potenciar as relacións entre Terceiro Sector e Universidade, as áreas de colaboración, fortalezas, problemáticas e barreiras, necesidades de mellora, canles de comunicación e financiación e sustentabilidade.

Tras a análise dos grupos de discusión chegouse ás seguintes conclusións:

- **A relación entre a universidade e o Terceiro Sector é fundamental**, ambas deben nutrirse mutuamente de coñecemento e praxis profesional.
- **Maior visibilización do Terceiro Sector en todos os ámbitos do coñecemento**,
- **Devolución nos traballos de investigación** para que o tempo e recursos que inverten dende as entidades a participar en investigacións teñan utilidade.
- **As lóxicas de funcionamento, a normativa, burocracia e os tempos dentro da universidade son os maiores obstáculos para a colaboración.**
- **É fundamental artellar canles de comunicación**, espazos de coordinación para desenvolver proxectos conxuntos.
- **Cada vez máis pontes bidireccionais entre universidades e Terceiro Sector.**
- **Potenciar o financiamento público para proxectos conxuntos.**



MAPA DE INICIATIVAS DE COLABORACIÓN UNIVERSIDADE E TERCEIRO SECTOR

No marco da elaboración da Estratexia de colaboración Terceiro Sector e Universidade, creamos unha iniciativa para recoller formas de colaboración.

Para a recollida desta información utilizáronse varias vías:

- Recompilación de experiencias de colaboración de EAPN Galicia con universidades ao longo dos últimos anos. A colaboración coa **UNIR (Universidad Internacional de la Rioja)** para desenvolver actividades conxuntas sobre aporofobia ou coidados profesionais no Terceiro Sector no **Grao de Psicoloxía** que continuou ao longo do 2025. Tamén se levaron a cabo varias palestras coa **Facultade de Ciencias Políticas da USC** e outras facultades.
- A firma dun convenio de colaboración entre EAPN Galicia e a UDC, así como a [participación da Rede no Consello de Transferencia do CISPAC](#) e a nosa colaboración co CIXUG, co que preparamos unha formación para o alumnado sobre as saídas profesionais no Terceiro Sector.
- Recollida de iniciativas de colaboración e boas prácticas, mediante a busca activa a modo interno coas entidades membro a través do seguinte [formulario](#).

En total recolléronse **dezaoito** iniciativas de colaboración de diferente índole coas tres universidades galegas, especialmente con facultades do eido social.

CONSULTA NECESIDADES E DEMANDAS INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA DAS ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR

Este ano impulsamos e participamos no [Foro Galego Universidade e Terceiro Sector na Facultade de Educación e Traballo Social](#) do campus de Ourense, no que exploramos liñas de acción conxuntas entre a comunidade académica e o Terceiro Sector. Aquí descubrimos unha ferramenta moi útil: a Colmea de ideas é un proxecto da Universidade de Vigo, na que empresas ou organizacións propoñen necesidades de investigación para que o alumnado realice o seu TFG ou TFM e desta forma traballar de xeito colaborativo.

O establecemento de sinerxías invita a que as entidades do Terceiro Sector de Acción Social e a Universidade poidan consensuar necesidades de investigación con obxecto de que se poidan levar a cabo mediante grupos de investigación, TFG, TFM, profesorado, etc.

Neste contexto, este ano EAPN entrou a formar parte do Consello de Transferencia do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).

En xuño formalizouse a constitución do mesmo,

un órgano que está pensando para canalizar, fortalecer e facer máis bidireccional a conexión entre o coñecemento xerado no centro e os restos da contorna. O acto contou coa participación do equipo directivo do centro e de representantes de 6 das 7 institucións incorporadas nesta primeira fase: a Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, o Consello da Cultura Galega, a Fundación Juana de Vega, Caixa Rural Galega, a Rede Europea de Loita contra a Pobreza (EAPN Galicia), a Fundación RIA e o Consello Económico e Social de Galicia.




Ademais, comezamos a colaborar co Consorcio Interuniversitario de Galicia, no marco de Xuventude Mentoring, impartindo ao alumnado unha formación na que participou o equipo de EAPN Galicia, FAGAL, Fundación Esplai e Fundación Meniños.

Na formación que tivo lugar no mes de xullo o alumnado puido coñecer de primeira man que é o Terceiro Sector de Acción Social, cal é o seu papel na defensa dos dereitos e a inclusión social e que tipo de entidades o conforman. A través das experiencias das entidades participantes, mostrouse a realidade diaria do traballo no Terceiro Sector, os perfís profesionais máis demandados, competencias requiridas, e as oportunidades de colaboración e emprego que ofrece este ámbito.

Para unha primeira aproximación, pedimos ás entidades membro que nos indicaran as necesidades de investigación que detectan dicíndonos temas e finalidades das posibles investigacións.

Ademais, dende EAPN Galicia, estivemos a recoller as necesidades de investigación que detectamos e que nos gustaría levar a cabo en colaboración con algún destes centros ou con algunha universidade en Galicia.




PARTICIPACIÓN EN EVENTOS CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA

EAPN Galicia participou en diferentes palestras e eventos tanto en universidades como en centros educativos, coa idea fundamental, de transmitir a importancia da loita contra a pobreza e a exclusión social e as principais problemáticas existentes nesta materia, facendo fincapé na proliferación dos discurso do odio, a aporofobia, a exclusión residencial e as dificultades de acceso a un emprego, así como o papel do Terceiro Sector e o seu futuro.

Deste xeito, ao longo do 2025 a EAPN Galicia levou a cabo diferentes charlas en centros educativos e universidades como os seguintes:

- Participación no 'Foro Galego Universidades Terceiro Sector', Facultade de Educación e Traballo Social, UVigo (21.02)
- Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña. Palestra 'Pobreza e aporofobia' (21.03)
- Universidad Internacional de La Rioja. Realización da actividade Muro das Mentiras (08.04)
- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC. Palestra 'Pobreza e aporofobia' (08.04) e xornada 'O acceso e dereito á vivenda en Galicia: desafíos e solucións' (24.04)
- Facultade de Ciencias da Educación da USC. Palestra 'Pobreza e aporofobia' (24.04)
- CIXUG. Seminario web: O emprego no Terceiro Sector de Acción Social en colaboración co CIXUG (09.07)
- Facultade de Ciencias da Educación. Palestra sobre a situación de acceso a vivenda en Galicia e a exposición #EmerxenciaVivenda (06.10)
- FP de Integración Social no Centro Público Integrado de FP Politécnico Lugo. Palestra 'Pobreza e aporofobia' (23.10)
- Grao en psicoloxía na UDC. Palestra 'Pobreza e aporofobia' (29.10)



- EUTS. Presentación do Informe sobre o Estado da Pobreza en Galicia 2025 (11.11)
- Máster Universitario en Goberno Local e Políticas Innovadoras. Facultades Políticas USC. Palestra 'Pobreza e aporofobia' (07.11)
- FP Integración Social no Centro Ánxel Casal na Coruña. Palestra 'pobreza e aporofobia' (14.11)
- UVigo (Campus Ourense). Simposio 'Oportunidades e retos no acompañamento socioeducativo con adolescencia e mocidade migrante' (21.11)

Por outro lado, EAPN Galicia tamén asistiu e participou en diversas presentacións, foros e presentacións:

- [Acto inauguración nova sede EAPN Galicia](#) xunto coa Unión de Cooperativas EspazoCoop, a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento e Fiare Banca Ética. Día da Xustiza Social 20F (20.02)
- Participación na xornada 'A vivenda, un dereito fundamental' de CCOO (20.01)
- Asistencia Taller online: 'Indicadores de pobreza: estrategias de análisis para la comunicación y la incidencia política' EAPN - ES (14.02)
- Participación Xornada 'Do dereito ao teito hai moito treito', COCEDER, Verín (02.04)
- Participación Encontro de Entidades de Plataforma Red Conecta, Fundación Esplai, Vigo (25.04)
- [Acto IV Premio](#) de "Boas Prácticas en Servizos Sociais" da Deputación da Coruña na área de investigación polo Manual de boas prácticas para a inclusión sociolaboral con persoas vulnerabilizadas (07.05)
- Participación mesa redonda '¿Como solucionamos el problema de la vivienda?' no Simposium de innovación y compromiso profesional 2025 de Unión Profesional de Galicia (10.05)
- Asistencia Ciclo formativo 'Desinformación y bulos', Plataforma Tercer Sector (13.05)
- Participación na mesa redonda 'Mocidade e Economía Social' no marco da presentación da plataforma UpmeUp. Casa RÍA (15.05)
- Acto celebración polo Ano Internacional das Cooperativas, Cidade da Cultura (23.05)
- Intervención no evento 'Galicia é tecnolóxica' de AMTEGA, Cidade da Cultura (28.05)

- Intervención no II Congreso Internacional de Consumo: Consumidores Vulnerables (28.05)
- Foro 'Vivenda colaborativa inclusiva: sumando actores, tecendo respostas' La Germinadora (30.05)
- Participación no 'Escoitadoiro de Compostela máis Solidaria', Coordinadora Galega de ONGD (02.06) e (04.06)
- Webinar 'Políticas sociales y protección de derechos en el nuevo marco comunitario. Cambios en el FSE + y el FEDER', EAPN - ES (10.06)
- Webinar 'Más sostenibilidad, mejores servicios: mejora del impacto de la Ley de Desindexación en el Tercer Sector', Plataforma Tercer Sector (10.06)
- Asistencia acto Día da Economía Social Galega 2025, Foroescal (16.06)
- Intervención no Coloquio Radiofónico ONDA ODS 'O futuro é Teu' de CUAC FM (19.06)
- Xurado 5ª edición dos Premios Galicia de Acción Voluntaria (25.06)
- Taller Comunicar sobre pobreza, EAPN - ES (14.10)
- Webinar #EUROPACONDERECHOS:
Para incidir en la reprogramación de FEDER y FSE+ con el objetivo de reforzar la inclusión social, EAPN - ES (24.10)



Encuentro Redes Territoriales de EAPN-ES, Madrid, Espacio Eco.

DATOS E INFORMACIÓN PARA A LOITA POLA ERRADICACIÓN DA POBREZA

INFORME ESTADO POBREZA 2025


Este 2025, elaboramos o XV Informe '[O Estado da Pobreza en Galicia 2025](#)' e o seu [Resumo executivo](#) que presentamos e publicamos o 17 de outubro, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza no Parlamento de Galicia. No informe deste ano quixemos por o foco no clima político galego para explicar (en parte) a notable redución dos datos de pobreza na Comunidade.

Este informe forma parte do [Estado de la Pobreza 2025. Pobreza y territorio: Comunidades Autónomas y Unión Europea](#) de EAPN-España) e, en base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2024 do Instituto Nacional de Estatística (INE), Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Eurostat e o Instituto Galego de Estatística (IGE), pretendemos ofrecer unha avaliación do grao de cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030.

Este XV Informe amosa os cambios rexistrados no número de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social mediante o estudo do indicador AROPE e as súas compoñentes. Os últimos datos dispoñibles correspondentes ao 2024, con toda a prudencia, levan ao optimismo. Malia que **a pobreza e a exclusión social sufriu unha caída de 6,7 puntos, case 509.000 persoas residentes en Galicia permanecen en risco de pobreza e exclusión social.**

No informe destacamos tamén a **diminución da fenda de xénero**, pois a fenda entre homes e mulleres estreitouse no ano 2024. Das 509.000 persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social, 228.000 eran homes (77.000 menos que en 2023, 6 puntos) e 281.000 mulleres (103.000 menos que en 2023, 7,4 puntos).

Por outra banda, **a taxa de pobreza infantil alcanzou o seu mínimo na serie histórica**, pois o risco de pobreza e exclusión social infantil e xuvenil cae 10,7 puntos no ano 2024, revertendo os datos do último informe. Pasou de encabezar o valor máximo dentro dos grupos de idade cun 28, 2% no 2023 a representar o valor mínimo cun 17,5% no 2024.



As administracións de ámbito estatal, autonómico e local xogan un papel clave na **redución de pobreza** coas súas políticas sociais e medidas de protección. De non existir ningunha transferencia pública (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia, en 2024 a situación de pobreza chegaría ao 42,3% (aumentando un 197,6%, 28,1 puntos). Actualmente a taxa de pobreza é do 14,2%, é dicir, 384.000 persoas. De non existir ningunha transferencia ese número ampliaríase a máis de 1.144.000 persoas en total, o que suporía 760.000 persoas máis en risco de pobreza que a cifra actual.

A **renda media** por persoa en Galicia incrementouse ata os 14.558€, cun aumento de 1.411€ con respecto ao 2023 (reducindo a distancia coa media estatal que en 2024 se incrementou ata os 14.807€, cun aumento de 725€ con respecto ao ano anterior).

A outra variable que favorece a diminución da pobreza en Galicia, atopámola na **poboación migrante**. Galicia experimentou nos últimos anos un aumento de persoas que migraron e se quedaron na nosa comunidade. Feito que contribuíu a aumentar a taxa de emprego.

O informe conclúe coa **situación de acceso á vivenda**, sinalando que esta sigue a ser un factor de empobrecemento. Os fogares en situación de pobreza continúan a facer un maior esforzo no pago da vivenda, un 33,2% dos seus ingresos está destinado a costearse unha vivenda.

Segue a existir unha fenda importante entre as persoas que viven de alugueiro e as que viven en propiedade. Un 36,1% de persoas que viven de alugueiro están en risco de pobreza fronte a un 14,8% que viven en propiedade.

DÍA ERRADICACIÓN DA POBREZA NO PARLAMENTO DE GALICIA

O 17 de outubro, Día Internacional da Erradicación da Pobreza, presentamos o [**XV informe do Estado da Pobreza en Galicia 2025**](#), no Parlamento de Galicia.

O acto estivo presidido por Miguel Ángel Santalices, presidente do Parlamento, que afondou na estreita relación entre a pobreza e a dor, coincidindo ambas causas en efeméride. A continuación Ana Pardo, presidenta de EAPN Galicia que adiantaba unha breve valoración dos datos do informe, deu paso a Xosé Cuns e a Nerea Rivero, director e responsable de investigación de EAPN Galicia, que detallaron os resultados do informe.



Dos datos recollidos neste informe conclúese a necesidade da modificación da Lei de Inclusión Social, o apoio ás familias monoparentais e asegurar programas integrais de inclusión sociolaboral, como retos no avance na redución da pobreza.

É preciso unha coordinación e traballo conxunto entre as administracións estatais, autonómicas e locais como garante na eficacia das medidas de protección e atención ás persoas. Destinar recursos é competencia de todas as administracións.

Trala análise dos datos con propostas e retos futuros, a Valedora do Pobo remarcou que a loita contra a pobreza é responsabilidade de todas e todos e que é preciso combater os discursos de odio que encerran prexuízos das persoas en pobreza.

Na clausura, o presidente do Parlamento lembrou a Declaración Institucional que se aprobou por unanimidade o propio día 17 de outubro no 2020, resaltando e reafirmando que “ningunha persoa é culpable da súa pobreza”.

**APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: CONSELLO
ECONOMÍA SOCIAL**

EAPN Galicia é membro do Consello Galego de Economía Social, en representación das entidades do Terceiro Sector Social (asociacións e fundacións). Neste senso participou activamente na xuntanza do Consello.

Tamén neste ano se solicitou a entrada no Foro de Economía Social de Galicia unha decisión que se aprobou na primeira asemblea do ano de EAPN Galicia. Actualmente estamos agardando resolución da aprobación da nosa entrada.

Mantívose a relación con Coop 57, coa apertura dunha conta e tamén con FIARE Banca Ética, para difundir os seus servizos ás entidades do Terceiro Sector para a xestión da operatividade cotiá, a captación de fondos, a xestión da tesouraría ou ferramentas de financiamento e crédito, abrimos unha conta con eles e, a maiores, mantivemos contacto para que nos prestasen apoio financeiro para o Seminario anual de EAPN do 2025.

Tamén se reforzou o traballo conxunto con Espazo Coop e Fiare Banca Etica, aproveitando o feito de que dende comezo do 2025 se comparte local xunto á Coordinadora Galega de ONGD, o que permitiu e permite a creación de múltiples sinerxías nos eidos de formación e comunicación.

PREMIO BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O 7 de maio celebrouse o acto de entrega do [IV Premio de “Boas Prácticas en Servizos Sociais”](#) que organiza tódolos anos a Deputación da Coruña. Nesta edición a gañadora na área de *Investigación científica no ámbito dos Servizos Sociais* foi a nosa Rede co **Manual de boas prácticas para a inclusión sociolaboral con persoas vulnerabilizadas**.



Esta publicación mostra os resultados do Programa Integrado para o Fomento da Empregabilidade de Persoas Vulnerables, desenvolvido por 14 entidades do Terceiro Sector de Acción Social, coa coordinación de EAPN Galicia e co apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Trabajo e Economía Social, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Manual foi froito do desenvolvemento do Programa Integrado, tanto polos seus resultados como por unha investigación cualitativa que se fixo arredor do mesmo. Entre 2022 e 2023, 18 entidades sociais membro de EAPN Galicia levaron a cabo este programa con persoas en situación de vulnerabilidade con diferentes situación vitais. 14 executándoo directamente e catro máis colaborando na investigación.

O Manual aborda dous propósitos diferenciados pero estreitamente relacionados. Por un lado, a parte metodolóxica, servindo de **ferramenta con pautas e orientacións** para profesionais e un **chamamento á acción social e política**, con propostas para atallar as limitacións que se atopan nestes procesos.

Con este manual consolidáronse as dúas claves para un efectivo proceso de inserción sociolaboral:

- **Un enfoque centrado na persoa.** Cunha atención individualizada e integral, e participando activamente no seu proceso de inclusión.
- **Cooperación de todos os axentes implicados** no proceso: o traballo en rede entre as entidades e recursos involucrados, a colaboración co tecido empresarial e a coordinación coas diferentes áreas e niveis da administración.

SEMINARIO ESTATAL: GARANTÍA DE DERECHOS Y NUEVOS MODELOS DE SERVICIOS SOCIALES: ¿QUE PAPEL JUEGA EL TERCER SECTOR?'

Este ano o Seminario Anual organizouno EAPN Galicia en colaboración con EAPN-ES. Tivo lugar os días 26, 27 e 28 de novembro na cidade da Coruña baixo o título '**Garantía de derechos y nuevos modelos de servicios sociales: ¿Que papel juega el Tercer Sector?'** en tres espazos distintos da cidade: Paraninfo da UDC, Centro Cívico Os Mallos e Fundación Barrié.

A organización deste Seminario levou meses de preparación e coordinación o que implicou múltiples reunións, visitas a espazos e solicitude de financiación. Ademais do Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 que subvenciona a rede estatal, EAPN - ES buscamos a colaboración doutras administracións públicas e organizacións de carácter privado: Concello da Coruña, Xunta de Galicia, Fundación La Caixa, Fiare Banca Ética. Tamén se realizaron xuntanzas coa Deputación da Coruña pero finalmente non aportaron financiación para a realización do Seminario.

Elaboración do programa e elección de ponentes: Traballando conxuntamente con EAPN - ES realizouse a elección de temas que se ían traballar no Seminario cada un dos días e propuxéronse posibles persoas ponentes para participar os distintos días..

DESENVOLVEMENTO DO SEMINARIO

O Seminario centrouse en abordar os retos de mellora do sistema de servizos sociais e a súa diversidade territorial, contando co papel do terceiro sector.

O sistema público de servizos sociais representa un dos piares do Estado de Benestar polo seu potencial de acción protectora e preventiva, especialmente en situacións de vulnerabilidade e de exclusión social. Este seminario pretendeu promover unha análise da situación actual e examinar posibilidades de mellora do modelo existente de servizos sociais, co Terceiro Sector como un reforzo esencial.

Tivo unha acollida de aproximadamente 190 persoas repartidas entre os tres días, principalmente persoal directivo e técnico de entidades sociais de toda España, referentes académicos e expertos invitados nas diferentes temáticas, así como representantes políticos, e responsables de administracións públicas.



OBXECTIVOS

- Debater sobre mecanismos e estratexias para favorecer unha mellora das políticas e das lexislacións públicas en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social no ámbito europeo, nacional e autonómico.
- Promover un diálogo e reflexión para buscar solucións que garanten un sistema de servizos sociais como ferramenta de inclusión.
- Reflexionar sobre o papel do terceiro sector na toma de decisións nas políticas públicas. Retos e desafíos no escenario actual.
- Propoñer melloras nas políticas públicas do terceiro sector a través de espazos de traballo e debate.
- Promover o recoñecemento do terceiro sector e o seu papel imprescindible de parte e garante do sistema.

CONCLUSIÓN

A principal conclusión do seminario é a **renovación dun modelo de servizos sociais enfocado na persoa**. Para iso é imprescindible contar coa colaboración do Terceiro Sector de Acción Social e coa experiencia e as achegas das persoas en pobreza.

Tamén concluíuse a urxencia de **mellorar o ingreso mínimo vital e harmonizalo coas rendas autonómicas**, así como apostar por unha **prestación universal por crianza** que garanta os dereitos e oportunidades ás familias con nenos nenas e adolescentes.

Na ligazón desta páxina web: <https://www.eapn.es/seminario2025> está toda a información sobre o programa, resultados e materiais dispoñibles do Seminario.

**BOLETÍNS E DIXITALIZACIÓN PARA UNHA MELLOR
DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN**

BOLETÍN ENREDESOCIAL

O boletín informativo quincenal EnRedeSocial, que nace no ano 2018, seguiu este 2025 con información de interese no eido da acción social e defensa de dereitos, así como das actividades desenvolvidas desde as entidades de acción social e da familia de economía social e solidaria en xeral.



O boletín EnRedeSocial está composto dos seguintes apartados:

- ☑ **Traballando en Rede:** nesta sección inclúense novas relevantes de EAPN Galicia, outras Redes de España ou plataformas sociais.
- ☑ **Entidades defendendo dereitos:** sección dedicada a entidades, membros o non de EAPN Galicia que reivindique e loiten polos dereitos das persoas.
- ☑ **Información útil:** novas de prensa, relativas ao Terceiro Sector, pobreza e exclusión social, así como outros documentos, estudos ou artigos que se consideren de interese.
- ☑ **Emprego e Voluntariado:** apartado para incluír ofertas laborais do sector social, cuxo porto estea localizado en Galicia.
- ☑ **Formación e recursos para a inclusión:** sección dedicada a difundir proxectos, cursos ou formacións, tanto puntuais como desenvolvidas ao longo do tempo, preferentemente das entidades membro.
- ☑ **Axenda:** nesta sección incluíranse eventos e actividades de interese, de carácter cultural máis que formativo, desenvolvidos por entidades do Terceiro Sector.

Neste ano editáronse 19 publicacións, facendo un total de 162 números. Co interese e utilidade que suscita EnRedeSocial, as persoas subscritoras aumentaron dende as 1871 a finais do 2024 ata ás 2.189 a finais do 2025.

*BOLETÍN SEMANAL INTERNO. NOVIDADES CONSELLO XUNTA,
NOVAS POLÍTICA SOCIAL, MATIASS, ETC*

Co fin de favorecer que as entidades membro teñan coñecemento das novas que poidan ser do seu interese, elaborouse cada semana un boletín no que, de forma breve, facíaselles unha achega da información máis salientable da semana. Facíase unha recompilación de novas de interese tanto da Consellería de Política Social e Igualdade como doutras consellerías. Tamén facíase un barrido polas distintas publicacións de axudas, convocatorias, novidades legislativas ou formacións de interese entre outros.

O Boletín Semanal Interno está composto dos seguintes apartados:

- **Consello da Xunta:** inclúe novas e aprobacións de interese para as entidades do Terceiro Sector do Consello da Xunta de cada semana.
- **Novas da Xunta de Galicia:** este apartado incorpora os anuncios e as medidas da Xunta de Galicia en clave social.
- **Transparencia e goberno aberto:** apartado dedicado ao contido compartido polas consellerías en relación a Proxectos ou Anteprojectos de Lei.
- **Novas Política Social:** novas e anuncios vencellados á Consellería de Política Social e Igualdade
- **MATIASS e convocatorias de interese:** información sobre prestación e recursos sociais, formación e lexislación, convocatorias de axudas ou de financiamentos de interese especializadas nas áreas do Terceiro Sector que figuran dentro desta plataforma.
- **Actividades:** eventos e formacións de carácter cultural de interese para integrantes do Terceiro Sector.

**PLAN TRANSFORMACIÓN DIXITAL EAPN GALICIA. KIT
DIXITAL**

No 2025 aprobáronnos o Kit Dixital e puxemos en marcha o deseño da nova web. Tomamos como modelo a páxina web de EAPN España, cun deseño sinxelo e moi visual. No referente a implantación do Office 365 este ano 2025 consolidouse coa migración completa de todos os datos e sistemas operativos.

BOAS PRÁCTICAS AUTOCOIDADO E PREVENCIÓN RISCOS PSICOSOCIAIS NO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL

Ao longo dos últimos anos detéctase entre profesionais técnicos e persoas responsables da xestión de equipos no ámbito da intervención social un aumento considerable de baixas laborais, desmotivación e crispación en xeral, cadros de ansiedade, estrés, etc. Esta situación viuse agudizada durante e despois da pandemia.

Ante este panorama, comézase a falar cada vez máis dos conceptos **coidado e autocoidado**, como ferramentas que permiten mitigar todo o impacto que reciben as e os profesionais. Son bastantes as entidades do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) que as están a implantar pero o coñecemento compartido é aínda escaso.


Dende EAPN Galicia consideramos que é necesario dedicar un tempo de calidade en afondar nas claves que están xerando que algúns equipos profesionais manifesten cada vez mais unha forte desmotivación e fatiga polo desempeño do seu rol profesional, a pesar de que o groso das entidades sociais estean destinando cada vez máis medios humanos e económicos en mellorar as condicións laborais e de prevención de riscos nos seus equipos.

Este escenario obríganos a revisar o contexto actual no que nos desenvolvemos para tentar atopar as claves que permitan que os equipos profesionais contén coa calidade e condicións axeitadas para o desempeño profesional, sen restar na calidade da atención ás persoas participantes, unha tarefa coa que comezamos o ano pasado coa recompilación de boas prácticas neste tema que se estean a levar a cabo nas entidades.

Simultaneamente **constituíuse o Grupo de Coidados de EAPN Galicia** e ofrécese ás entidades membro a posibilidade de unirse. Decidimos comezar este traballo co persoal directivo das entidades, pois atopámonos con cargos directivos de entidades que recoñecen atoparse ante un gran reto á hora de manter a calidade da atención das persoas participantes, que se atopan en situacións cada vez máis vulnerables, fronte ás necesidades dos equipos humanos.

O obxectivo deste grupo interno é que se poida reflexionar e definir os principios que deben rexer o coidado dos equipos técnicos e directivos, posibles accións de apoio por parte da rede, estudo e diagnóstico da situación, etc. Posteriormente, se así se decide, poderíase ampliar a persoal técnico.

A primeira xuntanza do Grupo de Coidados levouse a cabo en modalidade online no mes de xuño, e serviu para falar das problemáticas que detectamos nas entidades que están a influír no coidado e autocoidado profesional. Nesta xuntanza acordamos facer unha xornada presencial na que dedicar un tempo de calidade para poder reflexionar e definir os principios que deben rexer o coidado dos equipos técnicos e directivos, posibles accións de apoio por parte da rede, estudo e diagnóstico da situación, etc.



Na xuntanza falou-se de que era necesario afondar na prevención de riscos psicosociais e os coidados nas entidades sociais e analizar as claves que están a xerar que os equipos profesionais dentro do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) manifesten cada vez máis unha forte desmotivación e fatiga polo desempeño do seu rol profesional, a pesar de que o groso das entidades sociais estea destinando cada vez máis medios humanos e económicos en mellorar as condicións laborais e de prevención de riscos nos seus equipos.

Posteriormente, en outubro organizamos na Casa RIA en Santiago de Compostela a xornada 'Coidados do persoal directivo das entidades sociais' na que mediante unha metodoloxía participativa e traballo en grupos se instou ás persoas asistentes a que definisen a situación actual do Terceiro Sector, xerando un espazo de confianza para o diálogo.



MÁIS INFO

- <https://eapn-galicia.com>
- [@EAPN Galicia en Instagram](#)
- [EAPN Galicia en Facebook](#)
- [EAPN Galicia en LinkedIn](#)
- [@EAPNGalicia en X](#)
- [@EAPNGalicia en Bluesky](#)
- [Canle de Youtube](#)

✉ [Subscríbete a En Rede Social](#) e súmate ás 2.215 persoas que xa reciben cada quince días o boletín de referencia do Terceiro Sector Social galego.

